

Premios Cátedra EMALCSA-UDC ao Traballo Fin de Grao e ao Traballo Fin de Máster

BASES XERAIS DO PREMIO

1. OBXECTIVO

O obxectivo da convocatoria destes premios é fomentar o coñecemento e a reflexión en diferentes aspectos da xestión sostible da auga na comunidade universitaria e, máis concretamente, nos estudantes que rematan a súa etapa de formación.

Os premios diríxense a estudantes ou graduados que presentasen o Traballo Fin de Grao (TFG) e a estudantes ou titulados que presentasen o Traballo Fin de Máster (TFM) en titulacións da Universidade da Coruña.

Aínda que o marco temático da convocatoria é amplo e moi multidisciplinar, e os TFG e TFM configúranse con esquemas e formatos moi diversos, a participación nos premios implica a xeración dunha serie de documentos con formato, específico e uniforme, obrigatorio para todos os candidatos, en orde a facilitar a súa avaliación por un xurado e a súa posible difusión e publicación máis adiante.

2. CONVOCATORIA E DIFUSIÓN

A Cátedra EMALCSA-UDC realizará chamadas, que non teñen que ter unha certa periodicidade, nas que se fará referencia a estas bases xerais e que, ademais, especificarán:

- a) Unha temática concreta.
- b) O período de realización ou avaliación académica dos traballos candidatos aos premios.
- c) Un período de recepción dos traballos candidatos.
- d) A composición do Xurado.
- e) O importe de cada un dos premios.

Co fin de promover e dar a coñecer os premios realizarase unha extensa difusión de cada chamada e, como mínimo, aparecerá na páxina web da Universidade, a de EMALCSA e a da Cátedra EMALCSA-UDC, así como a través dos medios de comunicación dos distintos centros docentes da Universidade da Coruña.

Estas bases estarán dispoñibles na páxina web da Catedra EMALCSA-UDC.

3. DESCRICIÓN DE TEMAS O ÁMBITOS DOS TRABALLOS

A temática dos traballos presentados debe estar ligada aos sistemas de auga urbana, encadrada no ámbito do “Desenvolvemento Urbano Sensible á Auga” (DUSA). O DUSA é unha estratexia flexible, participativa e iterativa que busca integrar os elementos do sistema de auga urbana co desenvolvemento urbano e a xestión da conca fluvial, para maximizar os beneficios económicos, sociais e ambientais de xeito equitativo. Para dispoñer de máis información débese consultar a páxina web da Cátedra.

En cada chamada poderase delimitar ou focalizar a temática dos traballos para avaliar en función dos intereses ou obxectivos da Cátedra.

O traballo será individual e inédito; os que sexan considerados como plaxio segundo a normativa vixente descualificaranse.

4. INSCRICIÓN

Definirase unha data de apertura da convocatoria e na mesma especificarase un período de inscrición de candidatos e de entrega, por vía telemática, dos documentos requiridos e un formulario de inscrición en formato “pdf”.

Poderán rexistrarse estudantes e graduados que presentasen o seu Traballo Fin de Grao (TFG) ou o seu Traballo Fin de Máster (TFM) en titulacións da Universidade da Coruña, en calquera das súas convocatorias xa pechadas que se especifiquen en cada chamada.

A inscrición será de balde e realizarase a través dun procedemento dispoñible na páxina web da Cátedra EMALCSA-UDC (<https://catedraemalcsa.com/es/>).

Tanto dende a web, como perante email, indicarse aos inscritos se recibiu a información e documentación necesaria correctamente e, por iso, non se precisa manter correspondencia coa Secretaría do Premio para confirmar o devandito extremo.

5. PRESENTACIÓN DE TRABALLOS

A presentación dos traballos implica as seguintes fases:

- A) Inscrición por vía telemática na páxina web: Cubriranse os datos requiridos.
- B) Carga na aplicación da páxina web de dous documentos:
 - Documento 1: Formulario de inscrición (que se poderá descargar na propia páxina web) cos datos do candidato no cal, como aspecto destacable, deberá incorporarse un resumo do traballo presentado (de menos de 2000 caracteres, espazos incluídos) e un texto que mencione de forma explícita as achegas do traballo en relación coa temática indicada na convocatoria (de menos de 2000 caracteres, espazos incluídos).
 - Documento 2: Versión íntegra na que se incluírá o traballo orixinal en formato “pdf” nun só arquivo (limitarase o tamaño en Mb).

Se o traballo resultase premiado, ou recibise un accésit, o autor deberá elaborar, de forma obrigatoria, unha memoria do traballo (cun máximo de 20 páxinas), cuxo formato será acordado co Xurado e a Cátedra, con obxectivos de publicación e difusión.

6. XURADO

O procedemento elixido é a valoración por parte dun Xurado dos Traballos Fin de Grao (TFG) e Traballos Fin de Máster (TFM) recibidos e que concorran a este Premio de acordo ás bases.

O Xurado constituirase por un mínimo de catro membros (un Presidente, un Secretario e dous Vogais) designados polo Comité Asesor Científico-Técnico da Cátedra EMALCSA-UDC, os cales terán ampla experiencia e recoñecido prestixio. Os membros do Xurado citaranse en cada chamada.

Unha vez feita unha primeira valoración dos traballos presentados o Xurado poderá establecer a eliminación dalgún de xeito motivado. Algúns motivos e criterios de exclusión poden ser:

- A remisión da proposta fóra de prazo.
- O incumprimento das normas de presentación.
- A existencia de inexactitudes e contradicións flagrantes no contido da proposta.
- Ser incompatible aos criterios expostos nestas bases, así como calquera outro incumprimento de aspectos recolleitos nas mesmas.

Cada un dos membros do Xurado emitirá un voto. O premio outorgarase ao candidato que obteña a maioría dos votos; en caso de empate decidirá o voto do Presidente.

Os premios poderánse declarar desertos a condición de que haxa acordo unánime dos membros do Xurado.

O fallo adoptado polo Xurado será inapelable, farase público e comunicarase de forma específica a cada un dos participantes por correo electrónico e publicaráse na web da Cátedra EMALCSA-UDC.

7. CARACTERÍSTICAS DOS PREMIOS

Outorgaranse dous primeiros premios e dous accésits. O importe económico de cada un dos premios especificarase en cada chamada.

Para a entrega dos premios organizarase un acto público no que aos autores dos traballos gañadores entregaráselles os talóns nominativos e un diploma acreditativo.

A data da entrega dos premios facilitarase aos gañadores unha vez que se fallasen polo Xurado e darase difusión da súa entrega perante dos distintos medios de comunicación.

8. PROTECCIÓN DE DATOS

Todo o procedemento e desenvolvemento dos premios farase de conformidade co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativa á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (regulamento xeral sobre a protección de datos ou RGPD). Toda a información proporcionada no procedemento e desenvolvemento dos premios tratarase baixo a responsabilidade da Cátedra EMALCSA-UDC, cuxos contactos son: Edificio Casa da auga, Rúa Manuel Murguía, s/n 15011- A Coruña, teléfono 981 154 080, correo electrónico: secretaria@catedraemalcsa.com.